# A Voz da Magdalena.

http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmagdalena/

Martes 23 de abril do 2013.

## O PRIMEIRO DÍA DE CLASE

**O primeiro día de clase volve, e nós, vivímolo en primeira persoa.**

Xa comezamos a ver como os alumnos a chegar, todos con cara de alegría por ver aos seus compañeiros despois de tanto tempo . Algúns teñen moita ansia de comezar, e outros non tanta , pero xeralmente todos queren volver. Os profesores tamén están alegres de empezar un novo curso e de poñer deberes de novo. Os que máis alegres están son os de primeiro d de primaria, por que xa abandonaron infantil, pero todos están un pouco tristes , debido a que os alumnos de sexto do curso anterior xa non están. A sirena xa tocou de modo que oficialmente as clases comezaron.

**Lois Pita**



## EXCURSIÓN A CORUÑA.

***Os alumnos de 5º e 6º van de excursión A Coruña, onde visitan diversos lugares.***

O 5 de Marzo 5º e 6º foron de excursión A Coruña, onde visitaron as instalacións da "Voz de Galicia", alí viron cómo se facía un periódico, despois foron ao museo dos periódicos e máquinas máis antigas.

Rematada a visita foron comer unha deliciosa comida, poideron ir de compras polo centro comercial "Os Rosales".

De seguido, visitaron o estadio do Deportivo da Coruña, Riazor, que o visitaron por dentro e por fora. Alí viron a zona mixta, e incluso poideron sentarse na cadeira do presidente, distinguida das demais por dúas marcas na parte superior. Xa case rematando a visita, viron os banquiños, e finalmente entraron na sala de entrevistas.

Cando sairon de Riazor, esperaron ao autobús no paseo da praia, a cal, ten o mesmo nome que o estadio, para que os levara ata un mirador. Alí xogaron con xogos visuais relacionados coa Torre de Hércules. Xa ao final da excursión foron merendar, e a xogar nun parque.

**Sara Cerezuela.**

## CONCURSO DOS COGOMELOS DO COLEXIO A MAGDALENA

**Dentro das actividades do Magostos, álumnos do colexio A Magdalena participaron no concurso dos cogomelos.**

Un ano máis,xunto con outros colexios do noso pobo,participaron no concurso dos cogomelos.
Todos os nenos traballaron,e algunhas clases recibiron premios.
Os nenos da escola traballaron moito,e este foi o resultado:Cogomelos e fungos feitos de plastilina , de ponpóns, de cartón…¡e ata un cadro feito de tea!
Isto rematou,¡atao vindeiro ano.

**Nerea Noval**

## O ANTROIDO

**Celebración do antroido no colexio da Magdalena.**

Este antroido na Magdalena dedicouse a música, cada clase fixo unha actuación.
Algúns bailaron , outros cantarón e algúns ambas cousas.
Os de infantil decidirón ir de hipis. Despois actuarón os de primaria bailarón e cantarón diferentes estilos de música.
Pola tarde cando os alumnos e profesores acabarón de comer dirixironse ao salón de actos onde bailarón e cantarón toda a tarde.

**Andrea Pereira.**

## O DÍA DA MULLER

***O día internacional da muller traballadora.***

Nas pontes de García Rodríguez os alumnos da Magdalena participaron nuns obradoiros sobre a muller. Este ano o tema era a música, nos que fixeron ritmos coas diferentes partes do corpo e tamén viron videoclips.

**Sara Jarel Castrillón.**

## O 30 DE XANEIRO CELEBROUSE O DÍA DA PAZ

**O día da paz reúne a todo o colexio da Magdalena, profes e nenos. Houbo unha canción e sesión de fotos.**

O día da paz foi moi divertido. Celebrouse no colexio da Magdalena cos nenos de infantil e primaria, todos cantaron “ Hay un amigo en mí “ .
Uns días antes os profes fixéronnos fotos nos bos momentos e despois o día 30 ensináronnolas.
A continuación tanto alumnos como mamás invitadas, degustaron un rico menú no comedor do colexio.

**Lorena Fernández**

## A BONECA VIAXEIRA

**Presentouse no cine Alovi a peza teatral titulada A Boneca Viaxeira de Kafka á que asistiron todos os nenos e nenas de 6º de primaria e 1º da E.S.O. das Pontes**.

Á representación asistiron de 6º e 1º da E.S.O. dos centros escolares da vila.
De todas as obras que fixo Kafka, esta foi a mellor, pero tamén a única.
A obra trataba de algo que lle acontecera a este escritor na súa vida. Era unha nena que perdera a súa bonico e Kafka escríbanle cartas coma se fose a boneca, dicindo que estaba de viaxe.
Ao final, o escritor acaba morrendo pero, a nena consigue outra boneca.
Finalmente, a obra gustou a todo o alumnado.
Despedímonos dende o cine Alovi e ata a próxima.

**Irene Freire**

## A RECICLAXE

***Os nenos e nenas do CEPIP plurilingüe a Magdalena , pasan un día de reciclaxe .***

O día 16 de Xaneiro do 2013 viñeron dous homes ao CEPIP Plurilingüe a Magdalena (As Pontes de García Rodríguez) a falar da reciclaxe.
Explicáronlles que a reciclaxe consiste nas 3R que son: Reducir,
Reutilizar e Reciclar.
Tamén lles contaron que existen contenedores para distintos tipos de lixo.
Hai o dos envases de plástico de cor amarela , que serve , para :envases de plástico,tapóns ,botellas , tetrabricks e latas .
O contenedor do vidrio ,de cor verde , e de forma de iglú , serve para vidrios , botellas ,tarros e frascos.
O do cartón azul oscuro serve para papeis,folios , caixas...
E por último o orgánico ,de cor verde ou gris que serve para os restos de comida , e lixos que non poden ir noutros contenedores.
Ao acabar a visita déronlles un libro pequeño sobre a reciclaxe , unhas cores e un chaveiro.
Aos rapaces encantáronlles as actividades.

**Paula Amor González**

## *O NADAL NO COLEXIO DA MAGDALENA.*

***No colexio A Magdalena celebraron o nadal con grandes espectáculos feitos polos alumnos de esta escola.***

No colexio C.E.I.P A Magdalena celebrouse o nadal. Os nenos estaban moi entusiasmados, xa que traballaran moito nos ensaios.
Ás 12 en punto as actuacións empezaron. Houbo varias obras teatrais, que por certo fixerono todos moi ben. Unha delas foi "A foto de Nadal", interpretada polos alumnos de 6º de primaria. Tamén cantaron algunhas panxoliñas relacionadas co nadal. Bueno, hai que decir que o colexio da Magdalena é moi bo catando panxoliñas en inglés, son uns expertos!
Cando o festival rematou, todos saíron moi contentos, porque a parte de que tiñan unhas vacacións por diante, pasarono moi ben no festival de nadal.

**Ainoa Pico.**

# O LIÑO

**Os alumnos de 5 e 6ª do C.P.E.I.P. da Magdalena foron visitar unha exposición sobre o liño ao mercado vello.**

O día anterior viran unha pequena introducción na pizarra dixital do seu colexio sobre o proceso de transformación do liño, viron que era moi longo que había que quitarlle a semente, pollelo a remollo, secalo e moito máis.
No mercado vello atoparonse co liño, as suas sementes e tamén cos obxectos que axudaban a completar o proceso.
Viron o liño teñido de diferentes cores con mora, toxo,xesta…
Os alumnos se animarónse a mazar o liño, quitarlle a semente e hasta levaron semillas para cultivar, haber se se confeccionan eles mesmos un bonito traxe.

**Ana Caaveiro**





Refuxio de animais
Adoptandoos ,
Estades axudando

# A ADOPCIÓN

***Os nenos de 5º e 6º de primaria aprenden sobre a adopción.***

Os nenos aprenderon e viron unha exposición no mercado vello, sobre a adopción en Galicia e no resto do mundo.Notábaselles que os rapaces que estában entusiamados xa que,víase algúns xogos e debuxos de cores que tanto lles gustan.
Unha das rapazas que estában alí,leulles un conto sobre unha nena de África adoptada por unha familia diferente, e gustoulles moito.E isto fíxolles comprender o importante que era adoptar e que consta de moita responsabilidade. Logo puideron ver algúns textos expostos, de nenos adoptados por parellas pontesas e galegas,que escribiron sobre os seus primeiros días, e isto acompañado de algúns debuxos feitos por eles mesmos.
Finalmente, todo o que aprenderon puxéronno en prática,a base de xogos moi divertidos.

**Aline Andreina Dos Santos**

# O DEPORTE ESCOLAR

**Os colexios de As Pontes compiten entre eles no deporte escolar.**

Nestes últimos anos, en As Pontes, fixéronse unhas actividades co nome de deporte escolar.
Nestas actividades compiten os alumnos de quinto e sexto de primaria dos colexios de As Pontes. Durante estas actividades teñen que xogar dous partidos de baloncesto, outros dous de voleibol e ao final, un de balonmano.
O colexio a Magdalena compiteu contra os colexios da Fraga eo Santa María.
Contra a Fraga todos os partidos foron moi igualados, pero contra o Santa María foi máis desequilibrado xa que eles tiñan bos xogadores.
Agora, o colexio a Magdalena so lle queda competir contra o Monte Caxado. Esperemos, que xoguen ben contra eles.
Esto é todo por hoxe do deporte escolar.
Adeus e ata mañá.

**Yago Otero**




# CARREIRAS DA FRAGA

**A MAGDALENA VAI AS CARREIRAS DA FRAGA ENTRE OS COLEXIOS E OS INSTITUTOS**

As carreiras da Fraga son carreiras que se fan entre os colexios e os institutos.
Nestas os nenos corren e o pasan moi ben nas carreiras separanse os nenos das nenas,en masculino e feminino, formando grupos por idades. Ao rematar de correr cada categoría entregaselles aos nenos froita, barritas de cereais e auga.
Cando rematan de correr e comer as larperadas todos os nenos e nenas voltantan pera os colexios para seguir estudando.

**Pablo Martínez Cabanas**





Tenda de roupa para bebés, ao mellor prezo.

# PASATEMPOS

**RESOLVE A SOPA DE LETRAS**

- ❑ROBARON
- ❑ELIPTICO
- ❑PELO
- ❑DEDOS
- ❑BARCO
- ❑PERRO
- ❑HECHIZO

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| h | o | q | p | d | w | t | e |
| e | n | u | e | e | l | p | l |
| c | o | b | r | d | l | ñ | i |
| h | r | p | v | o | i | o | p |
| i | a | v | e | s | s | t | t |
| z | b | j | q | r | g | h | i |
| o | o | ñ | h | w | r | k | c |
| r | r | b | a | r | c | o | o |

**Atopa as diferenzas**





Pablo Martínez

# HUMOR




Lois Pita

# ANUNCIOS



BUSCASE AVESTRUZ.
Avestruz perdida de Marcelle
RECOMPENSA 100.000 $

Véndense mascotas,
na clínica veterinaria
de Ferrol.



**Paula Amor**

## ADIVINANZAS DEL COLEGIO

**1 Entra el estudioso,
nunca el holgazán,
va buscando libros
que allí encontrará.**

**3 Un valiente domador
que tiene la intrepidez
de enseñar a la niñez.**




**2 A ti acudo,
en ti maduro,
trabajo y estudio
para el futuro.**

**En un rincón de la clase,
nde yo estoy colocada,
acudes con los papeles
que no te sirven de nada.**

1La biblioteca/2El colegio/3El maestro/4La papelera

**Aline Andreina
Ana Caaveiro**

# ENCRUCILLADO



Sara C. Ainoa C.

1- A  Vertical: Profesora que tiene el pelo más corto.

1.H vertical abajo: profesora rubia, baja con los ojos grandes y claros.

1- k Vertical:  Profesora de pelo largo y negro.

1-F Vertical: Nombre que comparten dos profesoras.

1- D Vertical: Profesora más joven de pelo rubio.

13-AHorizontal: Ayudante de conversación de pelo rubio y largo.

1-M Vertical:  Apellido de una profesora de apoyo.

10-C Horizontal: Profesora de media melena y flequillo.

13-M Vertical abajo: Profesora que tiene gafas  y es bilingüe.

8-K Vertical: Profesora de infantil  delgada , media melena y gafas.

11   A  Horizontal: Profesora de infantil de pelo castaño y gafas.

5- G  Vertical Profesora de pelo corto que reza mucho.

1.C Vertical: Profesora de pelo corto negro y gafas.

7-I Horizontal: Apellido de una profesora que tiene los ojos grandes, las pestañas largas y tiene el pelo medio pelirrojo.

2.E: Profesora alta fuerte, lleva gafas y es un poco rubia.

